

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Delegar, na primeira tenente de alcalde do Concello de Moaña, Dna. Susana Varela Santiago, a totalidade das funcións da Alcaldía durante os días 17 e 18 de xuño de 2014, debido á miña ausencia e para non prexudicar o funcionamento do Concello.

**SEGUNDO:** A presente Resolución producirá efectos a partir desta data, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que se realice.

Moaña, a 16 de xuño de 2014. — O Alcalde, José Fervenza Costas. — O Secretario, Adamantino Barreiro García. **2014005623**

**A N U N C I O**

O Pleno da Corporación en sesión de data 28/11/2013, aprobou provisionalmente a modificación do artigo 11 do Regulamento de participación veciñal do Concello de Moaña. Trala publicación do anuncio no BOP nº 26 de data 06/02/2014, o expediente someteuse a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles. Durante dito prazo presentouse unha alegación, adoptándose o acordo de aprobación definitiva da modificación en sesión plenaria realizada o día 24 de abril de 2014, todo elo segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e do artigo 196.2 do Real Decreto 2568/1986, publicase o texto íntegro consolidado do Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Moaña (que fora aprobado o 29/01/2004, BOP Nº 110. 10/06/2004) para que transcorrido o prazo de 15 días, entre en vigor a modificación adoptada.

**REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

**Artigo 1.**— Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 70 da lei 7/1985, de 2 de abril, e exposto durante trinta días naturais desde a súa publicación, co obxecto de recoller as alegacións que puidesen presentarse no Rexistro do Concello e proceder á súa definitiva redacción.

**DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS**

**Artigo 2.**— As federacións, asociacións veciñais, culturais, empresariais, sectoriais, etc., que desexen participar na vida municipal, suxeitas ao presente Regulamento, deberán inscribirse no Rexistro Municipal de Asociacións, aportando os seguintes datos:

- a) Estatutos.
- b) Número de inscrición do Rexistro Xeral de Asociacións, como acreditación de estaren legalmente constituídas..
- c) Nome das persoas que compoñen a xunta directiva.
- d) Domicilio social.
- e) Certificación do número de socios.

Deberán ademais demostrar a súa vontade mediante certificación dos seus órganos directivos que recolla o acordo de inscrición.

**DA PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

**Artigo 3.**— A Administración Municipal favorecerá o desenvolvemento das Asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaralles a máis ampla información sobre as súas actividades e dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos.

Artigo 4.—As Asociacións inscritas estarán exentas do pago de taxas pola presentación de escritos ou pola consecución de copias e certificacións, sempre que se trate dos intereses xerais ou sectoriais perseguidos por cada asociación.

Artigo 5.—O Concello recabará o concurso e opinión das Asociacións naqueles asuntos que lles afecten.

Artigo 6.—Constitúen dereitos de todo veciño:

- a) O acceso aos expedientes e documentos municipais que lles afecten persoalmente ou nos que estean interesados lexitimamente, sempre que non se vulneren os dereitos de terceiros.
- b) Obter copias e certificacións do Concello coa salvidade anteriormente sinalada.

Artigo 7.—Na Oficina de Información da Casa Consistorial atoparase a disposición dos veciños papel impreso para formular as súas peticións.

Artigo 8.—Na Oficina de Información existirá un Libro de Queixas e Reclamacións a disposición de todos os veciños para a recollida das que afecten ao funcionamento da Administración Municipal, dándose conta mensualmente onde corresponda (Delegados ou Comisión de Goberno).

Artigo 9.—Todas as queixas, reclamacións, denuncias, solicitudes, preguntas ou rogos dirixidos a calquera órgano ou departamento municipal, que se presenten por escrito, ben no Libro de Queixas e Reclamacións ou polo Rexistro Xeral do Concello, recibirán resposta individualizada polo responsable de goberno ou administrativo no prazo máximo de trinta días, a contar dende a data de recepción da mesma. Non cabe, en ningún caso, o silencio ás cuestións formuladas, debendo ser todas as demandas debidamente contestadas.

Artigo 10.—As convocatorias e orde do día das sesións plenarias transmitíranse aos medios de comunicación e faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello.

#### *DA INFORMACIÓN MUNICIPAL*

Artigo 11.—O Concello facilitará ás entidades e asociacións en xeral inscritas, unha copia das publicacións que edite, sempre que resulte de interese para a entidade atendendo ao seu obxectivo social.

#### *DA PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS: PLENO E COMISIÓN*

Artigo 12.—Todos os Plenos da Corporación Municipal celebraranse de luns a venres a partir das 20.00 h. Os Plenos Ordinarios terán lugar os últimos xoves de cada mes á mesma hora.

Os Plenos da Corporación e as Comisións Informativas serán sempre abertos e o Concello deberá garantir o acceso e a estancia digna e cómoda de todos os veciños e veciñas que desexen asistir ás Sesións. Cando se preveña a asistencia dun importante número de veciños e veciñas e que polo tanto o aforo do Salón de Plenos da Casa Consistorial non sexa suficiente para garantir o acceso, a Alcaldía habilitará para a celebración da Sesión un local con aforo suficiente.

Artigo 13.—Cada Asociación ou Entidade que desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, deberá solicitalo ao Alcalde antes de comezar a sesión.

Artigo 14.—As propostas ou mocións que presenten as asociacións ou entidades rexistradas deberán ser ditaminadas pola Comisión Informativa correspondente antes do seu paso ao Pleno.

Das mocións presentadas ao abeiro deste artigo e que fosen aprobadas, especialmente aquelas que acaden a votación unánime, darase información detallada do seu cumprimento ou estado da xestión correspondente en todos e cada un dos plenos ordinarios, introducindo para o efecto un punto fixo, despois da lectura e votación da acta anterior.

Artigo 15.—As sesións das Comisións Informativas serán sempre públicas. Nelas poderán intervir os representantes das asociacións ou entidades rexistradas, con voz pero sen voto. A solicitude para participar poderá ser verbal, en calquera momento antes de dar comezo a reunión.

Artigo 16.—Unha copia da acta dos Plenos será remitida a cada unha das asociacións veciñais ou entidades que o teñan solicitado.

*DOS CONSELLOS SECTORIAIS*

Artigo 17.—Os Consellos Sectoriais son órganos complementarios da institución municipal para a participación directa dos veciños agrupados en asociacións para facer chegar as súas iniciativas aos distintos órganos do Concello.

Artigo 18.—Os Consellos Sectoriais reuniranse cunha periodicidade trimestral, convocados polo seu presidente ou por solicitude da cuarta parte dos seus membros.

Artigo 19.—As reunións dos Consellos Sectoriais son sempre públicas e a intervención de particulares interesados no asunto que se aborde, será cando así o teña solicitado antes de comezar a reunión.

Artigo 20.—Os Consellos Sectoriais réxense por cadansúas normas de réxime de funcionamento interno elaborado no seu seo.

Artigo 21.—As funcións dos Consellos Sectoriais son as de consulta, informe e proposta sobre os plans, proxectos e iniciativas de actuación municipal que lles afecten no seu ámbito definido.

Artigo 22.—Poderanse formar, por acordo do Pleno, os Consellos Municipais de Cultura, Saúde, Deportes, Educación, Medioambiente e todos aqueles que o Concello considere necesarios.

Artigo 23.—Os Consellos Sectoriais estarán formados polo Alcalde ou membro da corporación en quen delegue, e como vocais por un representante nomeado por cada grupo municipal e por cada unha das asociacións interesadas en integrarse neste órgano e rexistradas como tales.

Artigo 24.—Serán funcións do Consello Sectorial:

- a) Informar ao Concello sobre os problemas específicos do sector.
- b) Proponer aquelas solucións e alternativas aos problemas da área de actuación, sendo os seus informes de consideración polos órganos do Concello a quen lles corresponda decidir sobre o asunto.
- c) Proceder ao seguimento dos acordos adoptados polo Concello sobre as propostas do Consello Sectorial.
- d) Os Consellos Sectoriais velarán especialmente porque o orzamento destinado ao ámbito que lles afecte non sexa desviado para outros fins.

*DOS CONSELLOS VECIÑAIS*

Artigo 25.—Os Consellos Veciñais son órganos de participación territorial que desenvolven as súas funcións no ámbito de cada unha das parroquias e barrios do Concello.

Artigo 26.—Crearanse Consellos Veciñais nas parroquias de Tirán, San Martiño, Moaña, Meira e Domaio, así como nos barrios de O Real e A Praia-Seara.

Artigo 27.—Os Consellos Veciñais estarán formados por:

- a) Un presidente, que será o Alcalde ou membro do goberno municipal en quen o Alcalde delegue.
- b) Un representante por cada un dos grupos políticos presentes na Corporación Municipal.
- c) Un representante por cada un dos colectivos do ámbito territorial do Consello (asociacións de veciños, asociacións deportivas e socio-culturais, Xuntas de Montes, etc.).

Artigo 28.—Os Consellos Veciñais reuniránse de forma ordinaria unha vez ao trimestre, convocados polo seu presidente, ou de forma extraordinaria cando os convoque o presidente ou o solicite un cuarto dos seus membros.

Artigo 29.—Serán funcións dos Consellos Veciñais:

- a) Debater e informar o Plano de Actuación Municipal anual no ámbito territorial de cada Consello. O Plano de Actuación Municipal estará composto polas iniciativas en materia de obras, servizos, accións socio-culturais, educativas e deportivas a desenvolver anualmente polo Concello.



- b) Realizar o seguimento e informe dos proxectos e actuacións do Concello en cada parroquia e barrio.
- c) Coñecer, propoñer e informar os Orzamentos Municipais, especialmente no referido ás actuacións nos ámbitos territoriais de cada Consello.
- d) Coordinar as actividades a desenvolver polos distintos colectivos sociais.
- e) Propoñer o Plano de Usos dos locais socioculturais de titularidade municipal e velar polo seu cumprimento.
- f) Aprobado o informe anual de avaliación da acción municipal en cada parroquia e barrio.

Artigo 30.—Cada Consello Veciñal aprobará o seu regulamento de funcionamento interno no prazo de tres meses a partir da súa constitución.

#### *DO VALEDOR DOS VECIÑOS*

Artigo 31.—O Valedor dos Veciños é un órgano unipersoal que se crea para a defensa dos dereitos e intereses dos veciños de Moaña, tanto a nivel individual como colectivo, e para o control dos actos da Administración local en relación cos administrados.

O Valedor configúrase como un órgano de garantía e colaboración entre o Concello e a cidadanía.

Artigo 32.—O Valedor será elixido polo Pleno da Corporación a proposta da Xunta de Portavoces. A ou as candidaturas poderán ser propostas á Xunta de Portavoces por algún grupo político ou por algún colectivo veciñal.

Artigo 33.—O Valedor dos Veciños exercerá o cargo para o que foi designado por un período de tres anos, revalidable unha soa vez,, de forma que só poida desenvolvelo a mesma persoa durante seis anos consecutivos.

Artigo 34.—O Valedor do Veciño non estará suxeito a mandato imperativo ningún nin recibirá instrucións de ningunha autoridade no desempeño das súas funcións, para o que contará con autonomía e independencia nas súas actuacións e criterio propio.

Artigo 35.—A condición de Valedor do Veciño é incompatible con todo mandato representativo de elección popular, coa permanencia no servizo activo no Concello de Moaña, ou organismos ou entes oficiais con el relacionados; co exercicio das carreiras xudicial, fiscal e militar e co desempeño de funcións directivas nunha asociación ou fundación, partido político, sindicato, organización empresarial ou entidades dependentes dos mesmos.

Artigo 36.—O Valedor do Veciño ten como misión a prestación dun servizo de asesoramento, mediación, información e intervención coa cidadanía nas súas relacións co Concello de Moaña, Organismos Autónomos, Patronatos, Fundacións e outros entes que constitúen a Corporación Local.

Para o desenvolvemento das súas funcións terá as seguintes competencias:

- 1.—Iniciar e practicar unha investigación para o esclarecemento de actos ou condutas municipais que afecten a unha persoa ou un grupo de cidadáns.
- 2.—Dirixir recomendacións ou recordar deberes legais aos órganos competentes.
- 3.—Emitir informes na área da súa competencia a solicitude do Pleno da Corporación ou por iniciativa propia.
- 4.—Divulgar, a través de todos os medios ao seu alcance, a natureza dos seus traballos, as súas investigacións e o Informe anual.

Artigo 37.—O Valedor do Veciño poderá iniciar as súas actuacións de oficio ou a instancia de parte.

Artigo 38.—O Valedor do Veciño actuará conforme aos principios de cooperación e lealdade institucional.

Os órganos de goberno municipal terán o deber e a obriga de facilitar o labor do Valedor do Veciño, dotándoo dos medios humanos e técnicos necesarios para o cumprimento das súas funcións.

Así mesmo, os Departamentos, Servizos, Sociedade Anónimas Municipais e outros entes que constitúen a Administración municipal teñen o deber de auxiliar ao Valedor dos Veciños en todas as súas actuacións.

Artigo 39.—O Pleno da Corporación aprobará un Estatuto do Valedor do Veciño que recolla con detalle o sistema de elección, funcións e protocolo de actuación.

#### *DA OFICINA DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL*

Artigo 40.—O Concello de Moaña disporá dunha Oficina de Participación Veciñal, dirixida polo Concelleiro-Delegado da área, para facilitar a información pública e o asesoramento aos veciños e asociacións veciñais sobre os asuntos municipais de interese colectivo.

Moaña, a 10 de xuño de 2014.—A Alcaldesa, Susana Varela Santiago.

**2014005626**

\* \* \*

## **NIGRÁN**

### **E D I C T O**

#### *NOTIFICACIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTOS SANCIONADORES*

Según lo dispuesto en el art. 59.5 y 61 de 30/1992 de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se hace pública la iniciación de los expedientes sancionadores que a continuación se relacionan, instruidos por el Ayuntamiento de Nigrán, a las personas o entidades denunciadas, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido no se ha podido practicar.

En caso de disconformidad con la denuncia, los interesados podrán alegar por escrito, dirigido al Registro General del Ayuntamiento de Nigrán, lo que en su defensa estimen conveniente, con aportación o proposición de las pruebas que consideren oportunas, dentro del plazo de veinte días naturales, contados desde el siguiente al de esta publicación en el Boletín Oficial de Provincia.

Si en la columna “Requerimiento” aparece el número (1) se requiere del denunciado que se cita, titular del vehículo objeto de denuncia, para que identifique al conductor del mismo en la fecha indicada en el plazo de veinte días, haciéndole saber que si incumple la obligación legal de identificación del conductor del vehículo, se le iniciará expediente sancionador por infracción del artículo 9 bis de la ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor y Seguridad Vial, modificada por Ley 18/2009 de 23 de noviembre. Dicha infracción tiene carácter muy grave sancionable con el doble de la cuantía prevista para la infracción original que la motivó, si la infracción fuese leve, o el triple si la infracción fuese grave o muy grave.

La identificación del conductor deberá contener el nombre completo, número de identificación personal y dirección a efecto de notificaciones. Los datos facilitados deben incluir siempre el número de permiso o licencia de conducir que permita la identificación en el registro de conductores e infractores. Si el conductor no figurase inscrito en dicho registro, el titular deberá facilitar a esta Administración copia de la autorización administrativa que le habilite para conducir en España.

Si en la columna “Requerimiento” aparece el número (2) puede abonar la multa o identificar al conductor del vehículo objeto de la denuncia en la fecha indicada en el plazo de 20 días.

En caso de pago de la sanción en el plazo de veinte días naturales desde la fecha de notificación de denuncia se aplicará el procedimiento sancionador abreviado regulado en el art. 80 del RD/1990(LSV) que implica, entre otras consecuencias, la reducción del 50 por ciento del importe de la sanción de multa, la renuncia a formular alegaciones y la terminación del procedimiento sin necesidad de dictar resolución expresa.